


SEBASTIAN MARTINEZ-RISCO Y MACIAS

O SENTIMENTO DA
XUSTIZA NA
LITERATURA GALEGA

DISCURSO LIDO PERANTE A REAL ACADEMIA GALEGA NA
RECEICION PUBLICA CELEBRADA O DIA 18 DE ABRIL DO 1953

DISCURSO DE CONTESTACION DO ACADEMICO NUMERARIO
D. MANUEL BANET FONTENLA



A meu benquerido e fraterno amigo e
confrade Henrique Chao Espina, doctísimos
e cioso inquendur da literatura galega,
coa meirande admiranza e co millor
afecto,

Sebastião Reis

A Cruña, febreiro do 1956.



026491

SEBASTIÁN MARTÍNEZ-RISCO Y MACÍAS

O SENTIMENTO DA XUSTIZA NA LITERATURA GALEGA

Discurso lido perante a REAL ACADEMIA
GALLEGA na recepción pública celebrada
o día 18 de abril do 1953

Contestación do Académico numerario
D. MANUEL BANET FONTENLA



IMPRESA C. PEÓN - PLAZA DE TEUCRO, 1 - TELÉFONO 1270 - PONTEVEDRA

Señores Académicos:

Inda que nalgún intre poidera haber agardado que o afeuto que me tedes—por min fondamente correspondido—movese a vosa vontade pra chamarme a compartiren convosco as tarefas i os anceios diste fogar petrucial da cencia literárea e da cultura galegas, endexamáis creín—e delo podedes ter chea seguranza—que a miña catividade inteleitual me fixese merescente de aquecer á vosa veira nista esgrevia asambreia, na que soan as mellores voces de hoxe da nosa terra i ecoan as de nosa mais xurdia aboenza espritoal.

¿Cómo podía eu crér que me tivésedes reservado posto nos mesmos escanos que honoraron Murguía e Pondal, e que honoran ó presente podenciosos inxenios das nosas letras e do noso arte, presididos por quen queimou os longos anos da súa vida nas brasas do amor ó país nativo, sementando ideias frorecidas en centos de páxinas nas que resucitou as súas figuras mais xigantes; por quen inda hoxe tempera o frío das canas coa fogaxe da fe na terra e da lealdade deica ela? Xa sei que non sempre son asisadas as comparanzas, e que cando os termos son de tal xeito opostos como niste vagar, resultan ata condenables como arma dialéutica. Mais esta é pra min hora de sinceiridade, e tencionadamente traio eiquí ises nomes lucidíos, pra que o seu brillo apouvígue a miña figura, pra dar fe patente da miña homildeza.

Nalgún senso podedes, non embargante, acougar do voso xeneroso acordo, que tanto me obriga e suspende. Si se miden os meus merescementos coa medida do amor á terra galega i a súa literatura—que é da terra a mais nidia i enxebre espresión—, amor ó que se abriu miña alma dende o berce e que recibín en herdo dos meus devanceiros; si dise amor dou por peñor, non as esquías páxinas en prosa e verso nas que o amasei, espaxeixidas eiquí i alá dende fai algunhos anos pola imprensa e polo ár, senón as que bulen no meu esprito e tenciono ceibar ó prelo; si se abonan na conta da miña lei ó esprito da terra os meus degoros xa antigos de servila polos camiños da Xustiza, non sempre doados nin sempre largacíos, mais nos que decote se atopa o recendo da súa entrana e se sente o buligar do seu corazón amargurado, camiños polos que andiven días e noites manexando a pruma como arma de paz, deitando dela milleiros de liñas non sempre alleas, no seu remoto alento, á creazón mediata da beleza; si, por fin, chamo en axuda o recordo da miña xente familiar, por amas a dúas liñas parentales achegada a ista nao académica e fidel ós seus roteiros, penso, entón, que si son, de certo, o derradeiro de vos asin no mérito como no tempo en que a vos chego, non veño valeiro de laboura, de lembranzas e de arelas.

Valia canto deixo confesado pra espricar a emoción e —abofé sexa dito— a anguria que sinto ó pisar o limiar diste vasto e ombreiro pazo da nosa cultura, no que teño de entrar silandeiro e paseniño, na aitude recollida do catecúmeno que coida ten de selo sempre xunto a vos; e valian tamén esas confesiós pra que ó par delas midades a fondura da gratitude que vos debo, por habéredes disposto miña eisaltación a esta prestixiosa cadeira e polo garimoso rescibimento que ó chegar a ela me facedes.

E unhas poucas verbas mais de introito, inda que non foran percisas a vosa enxel comprensión.

Arastora vos tedes xa decatado de que traio vestidos os

meus probes pensamentos coa fala do noso pobo. Penséi, pra facelo así, que si non o xustificaran a cotío o lugar, o lecer i o tema, abondaría que buscasse eu un ropaxe ricaz á catividade das miñas ideas, que coidase de espresalas coa *suavidade e dozura* que, asegún dito do P. Sarmiento, ten a nosa língoa; abondaría que seguise os outos enxemplos deixados pola doce Rosalía, cando escramaba, chea de amor ó verbo nativo, *Cantart'ei, Galicia, na lingua gallega*; polo fervente Curros, que a chamóu, con eisaltada e fermosa imaxe, *último amor do páleto Macías*; polo forte Pondal, que a apelidóu *Fala nobre, armoniosa, Fala de Breogán*, e dixo d'ela:

Ti, sinal misterioso
Dos teus fillos serás
Que plo mundo dispersos
E sin abrigo van;

abondaría, por remate, que coidase de non caer no pecado que sinalóu Saco y Arce, noso insine gramático, do escaso aprezo que os galegos fan da súa língoa.

E xa que teño dito que un dos cortos méretos de que podo gabarme é o degoro que hastra de hoxe levo sentido de servir á Xustiza, non estranará que dela me lembre nist^{re} intre tan solene pra min e que lle adique o traballo que un imperativo regramentario vos impón escoitar, falándovos do sentimento que encol dela alenta na nosa literatura.

Mais denantes permitídeme que renda a homenaxe de un merescido e garimoso recordo ó patricio das nosas letras que honróu o sillón que hoxe me toca a min indinamente ocupar.

Don Eladio Rodríguez González foi e sigue sendo. Fóisenos certo día tristeiro, inda recente, o varón nobre e fidalgo —coa mellor das fidalguías, que é a das almas limpas e xenerosas—, deixando tras de sí un fermoso baldordar de'escumas dos mellores recordos; mais ficou o seu espírito alumeando na súa obra.

Nascido na fermosa e ridente terra de Leiro, o 24 de

Sant-Yago de 1864, dunha nai garimosa e sinxela, veu a lus nun ambiente e nunha data que poden espricar o sino i o alento da súa fecunda obra literaria; porque a inspiración da terra pola que deu os seus primeiros pasos, o herdo bondadoso da nai e o influxo do noso Apóstolo, infundíronlle sen dúbida a bondade, a sinxeleza, o corido e a vivacidade que foron, no meu sentir, os tons mellor timbrados da súa lira.

Don Eladio Rodríguez González formou no grupo dos mais saíntes poetas galegos da segunda metade do século dazanove, os cuaes, como se tén dito, coincidiron nunha condición esencial á poesía galega, o amor á terra; i eu teño pra min, i é honra do meu Ourense nativo, que pode ser situado antre os que deron vida á *escuela ourensán*. Deles, o guieiro por razón de afincamento e continuidade, Lamas Carvajal, tiña deica don Eladio a meirande afeución: tanta, que cando éste se enganchou en ardida polémica no xornal *O Tío Marcos* co esquirtor carballinés D. Cesáreo López Pinal, mediou Lamas conciliadoramente con aquela poesía humorística que, despois do consello de reconciliación, remata:

Haxa paz... e veña un neto,
apértense e reconcíliense.

Mozo aínda, pois contaría non mais de vinte anos, deixou a terra nativa e veu prá Coruña; sentíndo de seguro a dór do apartamento, como o demostra a lembranza que latexa naquiles versos seus:

Son aldeanos degoros
que me abafan e acariñan,
porque a saudade da aldea
lévoa tan dentro metida...

A súa vida nesta cibdade é ben coñecida: sirve con fidelidade durante perto de cincuenta anos ó Auntamento, do que foi nomeado «Oficial Mayor Honorario»; formou parte

da redaición do diario *El Noroeste*, do que chegou a ser director, e cultivou o periodismo i a poesía.

Nise último xénero literario está o mellor e mais perdurábel da súa obra.

O primeiro libro de versos galegos, *Folerpas*, sae na fecunda e prestixiosa «Biblioteca Gallega», dirixida e publicada por Martínez Salazar. Ve premiado o poema *Os orfos da emigración* no certamen literario celebrado en Betanzos no 1887. Combate e sinala nil os danos da emigración.

Mais o libro príncipe de poesías de don Eladio, o que lle valéu o títuo ben gañado de «cantor do Ribeiro», porque nil describe a paisaxe i a vida virxiliana das terras do Ávia, é *Oraciós campesiñas*, dado ó prelo no ano 1927.

Nesa obra—longo tempo sentida e amorosamente escrita—adequire corpo e vigor a súa tendenza poética, escintilean a súa luz as duas estrelas esenciaes do seu ceo poético: a bondade e a sinxeleza. Pode decirse que nise libro non queda sin tratar ningún tema rural do país galego. Son moitas as poesías que poideran citarse pra xustificar ise aserto; mais abonda con sinalar estes enlevados pasaxes da titudea ¡*Meu Ribeiro!*...:

Currunchó do Paraíso,
anaco solto do Ceo,
xardin de veigas froridas
e de recendentes cheiros,
país de ensoño e de gloria,
pasma de propios e allecos,
terra de meigas e fadas,
¡meu Ribeiro!...

.....

Téñovos diante da vista,
gárdovos dentro do peito,
sintovos preto da i-alma,
lévovos comigo a reco...

¡Meus enmeigadores campos!...

¡Meu Ribeiro!...

Respeito diste xurdio libro de don Eladio Rodríguez González, dixo na data da súa publicación aquíl rexo e vibrante esquirtor decote lembrado, de pruma chea de pulo de galeguidade, que se chamóu Antón Villar Ponte:

«La musa de Eladio Rodríguez González... diríase fecundada por las puras esencias del «rus», libres de todo alquitaramiento y de toda manipulación del laboratorio urbano, plenas de espontaneidad, como el aroma de las flores silvestres cuando lo aspira la pituitaria del viandante percibiéndolo directamente de las corolas de aquéllas. Las baudelerianas «flores del mal», perfumadas de un largo periplo poético que realizaron multitud de poetas desde el último cuarto del pasado siglo hasta la segunda década del siglo corriente, no encontraron nunca cobijo en el espíritu del autor de *Oraciós campesiñas*».

En xusto recoñecimento dos seus méritos literarios, no ano 1926 foi elexido Presidente dista Corporación académica.

Mais non rematan ahí as súas aitividades a prol da nosa terra. Alentóu cantas instituciós ou entidades se propuñan a eisaltación e o beneficio dela.

Cando a morte nolo arrebatóu, tiña cáseque finado o concienzudo traballo dun gran *Diccionario Gallego-Castellano*, non só de contido léxico, máis tamén etnográfico e antolóxico, que debemos ter a confianza—da que son prenda o esprito enxel i os prestixios literarios de un dos seus sucesores direitos—, de que algun día verá a lus.

Non quedaba na vida do meu ilustre devanceiro ningún honor que conquistar, pois todos os merescía. Mais rescibíu tamén aquíl que de xeito mais sensíbel debeu ferir o seu corazón bondadoso: no ano de 1929, a vila de Leiro nomeóuno seu fillo predileito. Volveu así don Eladio Rodríguez González, nunha simbólica ratificación de maternidade, ó seo da terra que o vira nacer.

Eis o home que ocupóu o sillón que eu—agora sí que podo decir indinamente—veño a ocupar. Pero digo mal: non o ocupou; seguirá ocupándoo en esprito, i eu, a carón díl escoitarei prendido na admiración i o agarimo que sempre lle tiven, a leición perdurábel da súa vida e da súa obra.

Leición enxemprar, resumida nistas verbas que poño como axeitado lema dunha fecunda existencia e que moitos quixéramos gañar o dereito de que fosen postas na lousa da nosa cova:

Amóu á Terra, i a Terra falou polos seus beizos.

I

A XUSTIZA NA LITERATURA

Do mesmo xeito que o verdadeiro ser, o *caracter* dos homes, trascende decote do seu fondo anímeco, a despeito e por riba do seu ser aparente, da súa presenza física, acusan os pobos o cerne da súa persoalidade na calidade e na dimensión dos seus sentimentos esenciaes, chamando así á súa reaición emocional i estimativa perante dos problemas sociais e moraes que cinguen a súa esistenza.

Homes e pobos resciben na súa alma o refrexo das cousas materiaes i espritoaes que enchen o mundo exterior—o refrexo do *epos*—, e na súa alma as valoran e xusgan, e dela voltan a ceibalas como reelaboradas, dándolles nova vida, pra infruiren, ó cabo, na súa conducta, e determiñar as súas aitudes.

Si eso acontez de maneira xeral, moito máis ten de acontecer cando o ouxeto refrexado é unha virtude colectiva de seu, como a xustiza, encamiñada na súa determinazón teleolóxica a poñer en xogo as regras da convivencia humán, o Dereito, tan xunguido á vida social que, como dixo Ihering de xeito agudo e sensibel, «é algo tan necesario pra facer o pan, como pode selo a mesma fariña», identificando así no actuar humán, ó respeito do seu condicionamento xurídico, o operario i a obra, a vontade i o ouxeto, a materia i o espírito; ou, mellor, ordeando o ouxeto material i a vontade regrada nunha mesma categoría de meio prá consecución de toda obra humán.

Imos ver mais adiante cómo iste senso de *necesidade* que ten o Dereito—e non fai falla decir que o Dereito proieútase na xustiza atal e como se proieuta o instrumento na obra—, ten na nosa terra unha especial, unha profunda sinificanza.

Non nos intresa agora de modo directo esculcar cómo foi e como é a xustiza na terra galega, estudo histórico-crítico de senso meramente ouxetivo, alleo ás nosas intencións neste intre, senón que tencionamos pescudar cómo sentíu e sinte o pobo galego esa esencial virtude co leitiva, que, como dixo noso Rei Sabio, «dura ennos corazones de los omes justos, e da e comparte a cada uno su derecho igualmente»; sentimento que, agás de outras fontes de inquérito—documentos xudiciaes i estraxudiciaes, testemoios escritos i oraes, etc.—ten cecáas a mellor e mais efficace comprobanza na súa literatura, expresión do pensar e do sentir co leitivo rexida por fis alleos a todo senso estriuto de utilidade ou reivindicazón, a todo freo de intrés ou de egoísmo, e, por elo mesmo, espontánea e siceira. Craro está que, por forza, os testos i as manifestacións literáreas nos que alcontremos refrencias ou alusiós á xustiza, descubriránnos tamén o conceuto que dela teñen os seus autores—esquirtos ou pobo—; o que non deixará de ser un modo de decatar-se de cómo us e outro a enxuician no seu decorrer históreco. Mais habemos de insistir nelo: o que conta pra noso propósito é descubrir o que poderíamos chamar a *emoción* da xustiza—antes o sentimento que o pensamento sobor dela—na nosa literatura mai.

Tenciono, pois, facer ecoar diante de vos—en guisa de recordo, que non de ensino—páxinas e acentos da nosa sabencia literaria encol da xustiza, da que a literatura é, como dos demáis temas da vida, espello craro e fidel. O pobo—as prumas e as xentes—maníféstase, como noutro lugar teño dito, na súa literatura: fala nela, coa intenzón de beleza que preside ese arte, do amor e da morte, dos vicios e das virtudes, dos traballos e dos días. E fala tamén da Xustiza: tropeza, fadalmente, con ela ó percorrer os camiños da vida percurando neles as fontes da súa temática.

Debe notarse aínda, pra escrarecer o campo do noso estudo denantes de botarnos a andar por él, que a xustiza pode ser defrontada en dous aspeutos: é un deles aquel en

que a xustiza se nos ofrece como sustanza *épica*, que se impón ó home como ente individuoal e vive fora de el determináda por fautores, non só humáns, mais tamén cósmicos—xunto á orgaizazón familiar, a vida social e as loitas polítecas, o esceario xeográfico coas particularidades do relieve, a natureza e a distribuzón físeca da terra—, fautores infruentes de modo inevitabel no nascimento das regras de dereito, que a xustiza ten como misión apricar, e, por elo, na xustiza mesma; o outro aspeuto é aquel en que se nos revela como un degoro íntemo, nascido da nosa concencia individuoal do que debemos e se nos debe.

Percorramos agora—co paso urxente que me impón o respecto debido a voso tempo—os campos da literatura erudita e da literatura popular, non sempre fáciles de deslindar, i espiguemos neles enxemprares doados pra noso herbario temático. Polo que eu os teño percorrido, coído que coincidiremos nista avisada ouservazón: as prumas dos nosos esquirtores deitan, antes que nada, o *pensamento* sobor da xustiza, o que *ésta debera ser*; a vos do noso pobo, publica i ecoa o *sentimento* que ela lle inspira, o xeito mais ou menos deformado da súa propia existencia.

II

A XUSTIZA NA LITERATURA ERUDITA

A espresión, inda que usual, non é xusta pra distinguir a aitividade literaria dos esquirtores da do pobo, pois tamén na que éste desenrola late—i en grado ás veces ben outo— a sabencia dise arte. Quero referirme agora á literatura que pudéramos chamar *culta*, á que é obra de esquirtores individuos; en oposición a aquela outra que ten unha orixe coleitiva e anónima, que xurde das fontes oraes do pobo. Elo deixando a salvo a dificultade que, aínda así, eisiste pra

aislalas, tendo en conta as influencias mútuas que acotío se ouservan antre elas.

O primeiro enxemplo da zona difusa entre amas a dúas literaturas é a que en primeiro termo propóñome pescudar:

1. *A xustiza no trovadorismo.*

Os trovadores galego-portugueses, representantes da nosa cultura do século XIII, non son somentes vehículos dunha obra literaria *culta*, senon tamén portadores máis ou menos conscentes da poesía popular. Ten, pois, a súa colocación niste lugar, pros meus propósitos, unha sinificanza máis ben sistemática e cronolóxica que rigurosa e real. Tal vez o seu posto axeitado niste traballo estivera no capiduo adicado á literatura popular.

É o prestixioso Prof. Rodríguez Lapa quen dí, ó respeito dista conxugación de orixines ou inspiracións na obra dos trovadores: «... mas ó que decididamente eleva a cultura trovadoresca na Península á altura dum símbolo é a *combinação do culto e do popular*, o gosto inveterado pela poesía colectiva e suas formas tradicionaes». «E é este—engade—, nóte-se bem, o lado máis importante da sua mensagem: em arte como em tudo o mais, só junto ao povo, em estreita comunhao com ele, poderemos sentir a verdadeira inspiração e a verdadeira força». (1)

O aserto do notábel filólogo portugués, non é, de certo, novo; pois xa doña Carolina Michaelis de Vasconcellos na súa edición crítica do *Cancioneiro de Ajuda* fai notar cómo no Cancioneiro de burlas picarescas e de maldizer «os trovadores e jograes nao se subtrahiram por completo á influencia da lyrica popular» (2). E asegun Menendez y Pelayo, referíndose

(1) Prof. M. Rodrigues Lapa, *Limiar*, en «Escolma de Poesia Galega», I, edición e notas de Xosé M.^a Alvarez Blázquez; *Galaxia*, Vigo, 1952; páx. 8.

(2) Carolina Michaelis de Vasconcellos? *Cancioneiro da Ajuda*, ed. Halle, 1904; II, 938.

ó *Libro das Donas*, as súas composicións son «trasuntos más o menos acicalados de cantos del pueblo».

Ben sabido é, e ben probado está, ademáis, polos estudos críticos encol do tema e por comprobadas amostras, que existiu unha poesía popular galego-portuguesa arcaica, nascida do latín vulgar en labios do pobo—nos que, naturalmente, non podía permanecer inalterábel, senón evolucionando cara o romance—, e cuí a orixe rexistran os esquirtores partindo da sonada descripción que fixo Silio Itálico da mocidade galega a bater o chao en movementos cadenciosos mentras en outa vos entoaban na súa língoa bárbara cantos oubeantes:

barbara nunc patriis ululantem carmina linguis
nunc pedis alterne percussa verbere terra
ad numerum resonas plandere cetras.

E certo é tamén que esa antiga poesía popular medieval de orixe pagá e continuada vivencia que débú inspirare seus temas nos costumes sociás—antre elas, ben seguro que a xustiza—tivo probábel infruxo na poesía trovadoresca ⁽¹⁾; de onde se sigúe que non pode terse esta última como unha fonte ríguosamente individoal ou culta do noso inquérito, por mais que o mestre Unamuno teña dito que era «sobrado culta tal vez» ⁽²⁾.

Feitas estas precisións, necesarias pra que nos dispoñamos a ouvir a vos dos nosos troveiros falando da xustiza non só pola súa conta, mais, asemade, como vos do pobo, adentrémonos na selva risoña e punxente do *Cancioneiro de Burlas*, que, como é sabido, débú formar a Parte III do *Cancioneiro Geral Galego-portugués* i estar composto por cantigas incruídas hoxe por metade nos *Cancioneiros da Vaticana* e de *Colocci-Brancutti*, pois sendo o *Cancioneiro da Ajuda* un fragmento do

(1) Carolina Michaelis, *ibid.*, II, cap. X, páxs. 836 e segts.

(2) Miguel de Unamuno, «Por tierras de Portugal y España», en «Obras Completas»; ed. Afrodisio Aguado, Madrid, 1951; t. I, pág. 473.

Cancioneiro de Amor, craro está que nil fallan as cantigas de fondo satíreco, pouco axeitado ás queixas do neno cego.

A fonte é abundosa e doada, e inda que niste intre non podamos faguer outra cousa que amostrala queremos facelo tendo en conta que, como dí un historiador da nosa literatura, a cantiga de maldicer «como intención moralizadora nos ofrece un cuadro exacto de los sentimientos de la sociedad de entónces» (1).

Alude Xohán Airas á xustiza, invocándoa nunha cruda bulra, pra que pague a súa propia e finxida morte, que lle atribuí a Mór da Cava, condenando a ésta a que se coloque baixo da súa «burguesa» humanidade:

Ay xustiza, mal fazedes que non
queredes ora dereyto filhar
de Mór da Cava, porque foi matar
Johan Ayras, ca fez muy sen razón;
mays se dereyto queredes fazer,
ela só el deveades a meter,
ca o manda o Livro de Leom.

(cv. 1076).

Ista Mór da Cava, de quen, asegún o troveiro, facía mal a xustiza en non querer tomar dereito, era, ó decir de un xoven e estudoso esquirtor contemporáneo, un dos «tipos chocalleiros da Compostela de aquil tempo», cibdade nativa do poeta (2); e o *Livro de Leom* a que se refire como iñorma de dereito non é outro, sen dúbida, que o *Fuero Juzgo*, que como supervivencia da unidade visigótica perante a Reconquista seguíu sendo a lei que rexía a vida xurídica, espallouse polo

(1) Benito Varela Jácome, «Historia de la literatura gallega», Ed. Porto, 1951, páxinas 16 á 17.

(2) Xosé M.^a Alvarez Blázquez, «Escolma de poesía galega»; Ed. Galaxia, Vigo, 1952, páx. 28.

antigo reino de León nos derradeiros anos do século XIII, e foi chamado tamén *Fuero del Libro* ⁽¹⁾.

No tipo de Mór da Cava, e por rechazo na xustiza, fai branco Xohán Airas co seu humor «moi galego e moi universal», asegún dí diste troveiro o mesmo esquirtor fai pouco aludido.

Nunha das cantigas de intención mais enxel, maldice Airas Pérez Veytorom con manifesta ironía críteca, da lei do Foro de León pola que se mandaba.

que non debe xustiça fazer rey
en home que na mao colher,

poñendo en boca de un que foi xusgado por alevosía e traizón istas verbas dirixidas a Xohán Nicolás, que, sen dúbida seu abogado valedor, apoiado na dita lei, soupo libralo da morte:

dizede vos, se a terra leixar,
que me non achen hi a justiçar,
se poderá en mi justiça facer?

(cv. 1096).

Fai referencia ós ministros da xustiza Xohán Vello de Pedrogas na cantiga feita a un cavaleiro, que fora villano, et *turtava a as veces per u andaba* (CV. 1141), adevirtindo a Lourenço Boucón, a quen vai dirixida e que sempre soía tragar con él a tal cabaleiro:

que se o colhe o meirinho na mao
de tod' en tod' enforcar-vol o a;
ca o meirinho em pouco terrá
vos mandar enforcar o vilao,

verbas coas que o troveiro espresa non somentes o merescido da pena de enforcamento naquíl caso, senón o sinxelo e doado que sería pró xuez o aplicala.

(1) Así lle chamou o *Ordenamiento de Zamora*, de 1274.

Non quedan tampouco os xueces ben parados na cantiga feita por Esteban da Guarda—o aragonés de «pena solta e firente, que mesmo semella o bico de un ave de presa», según dí Alvarez Blázquez (1)—a un que non ouvía ben (cy. 910). Comenza o troveiro ceibando a súa queixa por ter de levar diante aquil ministro seu preito:

Meu dano fiz por tal xuez pedir
.....
pois me non val d'ante tal xuez ir;
ca se vou y e levo meu vogado,
sempre me diz que está embargado,
de tal guisa que me non pode oír.

E remata poñendo a súa espranza en velo arredado do seu caso:

Mais a raíña pois que certa foi
de qual xuez en a sa casa ten
terá por razón, esto sei eu ben,
de poer hi outro xuez melhor,
e assi poss'eu aver meu dereito,
pois que d'i for este xuez tolheito,
e me deren qualquer outro oídor.

Teño pra mín que a irónica zoa do troveiro non apuntaba á xordeza do *ouvidor* da súa cantiga, chata físeca en sí mesma pouco merecente de bulras, e nada axeitada pra elas, senón que tencionaba punir e pubricar a pasividade, a indiferenza, e cecáis a parcialidade—a xordeza moral, en suma—do xusgador no caso a que a cantiga se refire e que, ben na persoa de Esteban da Guarda, xa na dalgún outro xusticiábel amigo seu, tivo, sen dúbida, realidade. Así parecen demostralo a expresión equívoca *que me non pode oír*, posta en boca do xuez, i a aspiración de acadar *outro xuez melhor*, para así poder *aver seu dereito*.

(1) Ibid., 180.

Repinica co mesmo son de bulra dos xueces a cantiga de Pedro García Burgalés na que, amostrando a súa guisa de troveiro camiñante, conta que cando recaeu en Lagares, por chover ás cuncas, topóu cun xuez que «lle mostrou albergue cabo de si», decíndolle... que seguise o seu camiño cara a San Payo, pra donde o troveiro iba. Non se pode pinchar de xeito máis irónico na conducta dunha persoa cuio oficio é dar a cada un o seu, que negándolle a virtude da xenerosidade. Vede eiquí un anaco da aceda cantiga:

Nostro senhor, que ben alberguey
quando a Lagares cheguey n'outro día,
per unha chuva grande que fazia,
ca prougu'a deus que o juiz achey.
Martín Fernandis; e disse-m'assy:
pan e vinh'e carne venden aly,
en San Paayo contra hu eu hya.

(cv. 989),

A mesma pruma firente de Esteban da Guarda, denostador do xuez xordo na poesía devandita, búlrase da coxeira—sen dúbida algunha tamén *metafórica*—do abogado, na *cantiga feita a un mestre de leis que era manco d'unha perna e copegaba d'ela* muito (cv. 908). Tan *metafórica*—digo—como a xordeza do xuez, porque eiquí identifica donosamente Da Guarda o erro de dereito co coxoleo do letrado:

Ca o mestre entende ja
se decaer, que lh'é cajom
antr'os que leterados som,
onde vergonha prenderá
d'errar seu dereito assí,
e quem esto vir des alí
por mal andante o terrá.

Advirte Pedro da Ponte, o troveiro galego, ó Don Bernaldo da súa cantiga 1175 do *Cancioneiro da Vaticana*, da inexorábel xustiza que se lle pode facer á muller que trae con íl, decíndolle:

se o alguazil souber
azoutar-vol-a querrá

.....

se alguen al rey disser
ca molher vosco teedes,
e a justizar quiser,
se non deus non lhi valrrá,
e vos a quen pesará
valer non lhi poderedes.

Constitúe ista cantiga un notabre exemplo—pódese dicir que singular—de fe na xustiza nos nosos cancioneiros; pois que descamiñada da intención nela predominante do crudo desafo deica Don Bernaldo e a súa fácil dona, escápaselle ó troveiro, a maneira de confesión fuxidiza, dicir que posto o rei a facerlle xustiza á muller «si non Deus, non lle valerá», o que val tanto como crer alleas as decisións reaes nise orde, a todo infruxo de paixón humá.

Algús outros pasaxes atinentes á xustiza—inda que non moitos mais—poderían ser catados na fermosa e tupida selva dos nosos cancioneiros.

Mais—relegando eiquí o tema a unha derradeira consideración—creio abonda cos esculcados prá demostranza de que os travadores coidáronse de ollar cara a xustiza, e que, xiquera dende o seu punto de vista individual, fixeron aprezo disa función de alcance colectivo, falando dela e deixándonos deseñado, co fondo de graza sorridente da cantiga, o cadro dos seus defeutos.

2. A xustiza na prosa e na poesía.

Imos comprobar agora o que denantes dixen: a pruma dos esquirotos deita antes que nada o *pensamento* sobor da xustiza, o que éste *debera ser* asegún as súas observaciós ou o conceuto que dela teñen.

Craro está que isa laboura expresiva ten unha siñifican^{za} direuta nos esquirotos que poidéramos chamar didáuticos, que se adentran adrede nos probremas sociaes; e un senso indireuto naqueles outros que, adicados de seu á creación literaria, sinten o infruxo da xustiza, como manifestación da vida, na súa arte.

Antre os primeiros está—tiña que estar—o P. Feijóo. Seu espírito reformador, de loita contra os vicios e defeutos da sociedade do seu tempo, estivesen dondequer, tiña que levalo, non somentes a pescudar sobor dos probremas do dereito —aspeuto da laboura do Padre Maestro que estuda con fondura e acerto D. Manuel Casás en recente traballo ⁽¹⁾—mais tamén a sinalar os vicios da xustiza.

É un deles, que ataca coa a súa densa lóxica e con técnica e argumentos de plena vixencia, o que chama as «mentiras xudiciaes», que difine deste xeito: «...aquellas con que, cuando se hace a los jueces relación del hecho que da materia al litigio, se desfigura en algo, por pintarle favorable a la parte por quien se hace relación» ⁽²⁾.

E, despóis de dar conta de que é mal costume que se emprega acotío, de encarecer a súa trascendencia e sinalar o seu remedio, engade, poñendo o dedo nunha chaga, inda hoxe aberta en grande medida:

Lo que detiene los litigios no es la necesidad de buscar el derecho en los Códigos, sino la de inquerir el hecho en los testigos. Si así

(1) El P. Feijóo y la Justicia en «Boletín de la Real Academia Gallega», diciembre, 1951; núms. 294-296; páx. 191-221.

(2) Teatro Crítico, «Impugnidad de la mentira», cap. VII.

la parte como su procurador y abogado estuviesen ciertos de que, cogiéndolos los jueces en alguna mentira, la habían de pagar a más alto precio que vale la causa que se litiga, no representarían sino la verdad desnuda. De este modo, convenidas las partes desde el principio en cuanto al hecho, no restaría que hacer más que examinar por los principios comunes el derecho, en que comunmente se tarda poquísimos. Así los jueces tendrían mucho más tiempo para estudiar, y vivirían más descansados; evitaríanse todos ó casi todos los pleitos, que se fundan en relaciones siniestras.

Fustiga tamén o Padre maestro o costume das visitas ós xueces, «sobre carga—dí—que no sé si es más onerosa que la tarea de el tribunal. Al fin en el tribunal oyen razonar a cuatro o seis abogados doctos; en su casa, oyen a veinte impertinentes y necios, que juzgan hacer mejor su causa quebrándole al ministro la cabeza» (1).

Non fai falla ouservar, despóis do dito, que no tempo de Feijóo ises defeutos quil combate, tiñan segura realidade.

Cóidase o P. Sarmiento—outra das nosas mais acesas luces do século XVIII—, de defender a Galiza, servindo a viva paixón que a ela o avencellaba, do ataque da pezoñenta «redondilla» que negaba se atopase a xustiza na nosa terra.

Camino en que quepan dos,
Verdad, limpieza y justicia,
no lo hallarás en Galicia
aunque lo pidas por Dios.

chamando ó autor «tolo e dicaz», e decindo dil que «jamás ha podido caber en tantas casas como ha emporcado a causa de su cabeza podrida». Ríspidas verbas, ben indicadoras da irritación do seu ánimo diante do lixoso aldraxe, tendo en conta a súa condición de eclesiástico.

(1) Ibid., «Visitas importunas», cap. XVIII.

Defende tamén á súa orde, co gallo dun papel dos Abo-
gados da Cruña contra dos foros e terras que poseían na
Galiza os beneditinos, esquirbindo, como é sabido, a súa
obra mais voluminosa, adicada a difrentes materias pola
conexión que tiñan entre si, como il mesmo esprica ⁽¹⁾. Saíu
tamén dista vegada polo dereito da súa orde e, ó cabo, da
súa terra.

Fora de esas dúas amostras, ningún outro traballo pu-
den atopar no que o frade de Lérez defronte o tema de xustiza.

No campo da novela, cecáis o enxemplo mais notábel
de esquirtor que nos dá un conceuto feudal da xustiza, sostido
ó longo da súa obra e a través de difrentes persoaxes, é Don
Ramón María del Valle-Inclán, cuio caráuter soberbeoso e a
traza orixinal do seu coñecido anecdotario parece autorizar
a supoñelo partícipe nise desdén pola xustiza orgaizada.

Na súa obra *La Guerra Carlista*, fai falar diste xeito a don
Juan Manuel Montenegro, o linaxudo vinculeiro, diante da
monxa Abadesa, súa sobriña, e o coengo Mestre-Escuela:

... Yo cuento setenta años, y jamás acudí a ningún alguacil para
que me hiciese justicia. En otro tiempo mis abuelos tenían una horca.
El nieto no tiene horca, pero tiene manos, y cuando la razón está en su
abono, sabe que no debe pedírsela a un juez.

E despóis, frente ó sorriso doutoral do coengo, o tío do
Marqués de Bradomín, remata, alporizándose:

Pero si con ley buena hay sentencia mala, puede haber con
ley mala sentencia buena, y así no está la virtud en la ley, sino en
el hombre que la aplica. Por eso yo fío tan poco en las leyes, y toda-
vía menos en los jueces, porque siempre he visto su justicia más
pequeña que la mía.

(1) Obra de 660 pliegos, sobor do tema supradito.

O que ata eiquí foi diálogo, trócase en aución de bárbara grandeza no episodio seguinte do conto «Mi bisabuelo», en *Jardín Umbrío*:

Don Manuel Bermúdez y Bolaño, mi bisabuelo, fué un caballero alto, seco, con los ojos verdes y el perfil purísimo: Hablaba poco, paseaba solo, era orgulloso, violento y muy justiciero.

... Todos rodearon a Don Manuel Bermúdez:

—Ya los pobres no podemos vivir. El monte donde rozábamos nos lo quita un ladrón de la villa.

Por lo alto de la cuesta, trotando sobre un asno, asomaba un jinete, y todos reconocieron al escribano Malvido.

El escribano, mirando tanta gente en el camino, iba a torcer por un atajo, pero mi bisabuelo parece ser que le llamó con grandes voces:

—Señor Malvido, acá le estamos esperando para hacer una buena justicia.

Se acercó trotando. Mi bisabuelo, muy despacio, echóse la escopeta a la cara: Cuando le tuvo encañonado, le gritó:

—¡Esta es mi justicia, señor Malvido!

Y de un tiro le dobló en tierra con la cabeza ensangrentada, Agueda la del Monte se arrodilló con los brazos abiertos, al pie de mi bisabuelo, que posó su mano blanca sobre la cabeza de la centenaria y le dijo:

—¡Buena leche me has dado, madre Agueda!

Diante distas esceas revive con forza de realidade e de mito a un mesmo tempo, a traza do señor feudal, exercendo a xustiza como un dos atributos do seu señorío xurisdiccional.

Acotío atopamos nos eidos da nosa literatura amostras do vagar con que foi mirada unha das figuras máis sobresaín-

tes da máquina da xustiza: O Abogado. Tantas, que bezan a recollelas con morosidade non axeitada a este intre.

Non son somentes a admonición do P. Feijóo sobor do erro de identificar a memoria dos leterados coa xurisprudencia; nin as louvosas verbas que xunto de acedos comentarios pró abogado «trivial y enrodoso» lles adica o sesudo xurista lucense don Juan Francisco de Castro nos seus «Discursos críticos»; nin a pouco disimulada xenreira con que os alumbeaba nas súas narraciós doña Emilia Pardo Bazán, que parecía non considerar con bós ollos ós señores de toga da «Cidade»; non é somentes eso, con ser moito, mais tamén e por riba de todo, as fermosas páxinas nas que se fai o retrato dise principal colaborador da xustiza.

Veleiquí algunhas, escollidas adrede, nas que pode admirarse un verdadeiro tríptico da figura do abogado, deseñada asegún liñas épicas, dramáticas ou humorístecas: descubridoras do conceuto que o oficio do retratado meresce a quen o pinta.

Recordade a vivente i escultórica imaxe de Luciano Puga tallada no verso de Curros coa admiración i a tenrura heroica de quen quer erguer un moimento ó seu defensor:

Ti apareciche entón. Pasmada a xente
Viute rubir colérico á tribuna,
Desguedellado cum'un león ruxente.
E d'a Ley apoyado n-a coluna,
Esmagar baixo a garra prepotente
Os verdugos do vate sin fortuna.

Eiquí, pra Curros, o abogado é un loitador.

Ademirade agora o crásico retrato—dino dos mais ilustres pinceles do dazanove—que do vello abogado don Bernardo, o vivace persoaxe, pintóu na súa novela *La vocación de Adrián Silva* noso mestre insine i entrañabre Otero Pedrayo

No fondo de seu despacho da vella casa ourensán, absorto na lectura «de un usado volumen de la antipática «Librería de Escribanos» del mindoniense Febrero» xurde a figura do xurista, ennobrecida pola ancianidade e dinificada pola claustral adicación ó traballo. Retrato que constituíe unha fermosa xoia antolóxica, chamada a fulxir con brillo perdurábel:

Era un señor de mínima estatura, delgado, el rostro prolijo de arrugas, las manos finas y activas enrubrecidas y tostadas en el extremo de los dedos por el abuso de las ásperas tagarninas, el bigotillo de «moco» triste y agrisado. Sólo valían en su persona los ojos y la calva, ésta enorme, lúcida, tendiendo en los parietales a viejo marfil, una calva excesiva que parecía corresponder a un hombre de mayor volumen. Los ojos luminosos y límpidos, más que ardientes serenamente bondadosos, raras veces cruzados por el relámpago de la ira, con frecuencia humedecidos por una lágrima inicial que el parpadeo disolvía en técnica de voluntad, devolviéndoles a la habitual luz tranquila que Adrián juzgaba en aquella mañana de sorprendentes descubrimientos «sintética» y «epiloga» porque expresaba el carácter conciliador, proclive al acuerdo entre los contrarios, y el amor al justo medio, del letrado. Ordinariamente, Don Bernardo se tocaba con un gorrito negro bordado de abalorios, en casa, y desde la mañana aparecía embutido en su camisola planchada de cuello recto y su negra levita.

Nesta estampa chea de serenidade, o abogado, «que trabaja en ingratos pleitos hasta tarde en la noche», é un oficiante do Dereito: un sacerdote das leis.

Contemprade, por fin, o retrato, que semella sacado coas máquinas de caixón e trípode dos retratistas feirantes, que tirou Valle-Inclán na galería de «Viva mi Dueño»:

... Don Epifanio de Castro Belona... buen señor, con un enfisema doctoral y sabihondo que llenaba su conversación con pausas: Como era abogado con muy buenos pleitos, los envidiosos le habían sacado el alias de Don Juris: También tenía admiradores, y la clientela

de burgueses se fanatizaba contemplándole revestido de toga, muceta y birrete, colgado de un clavo entre dos estanterías con tejuelos de lujosas pastas, sobre el barómetro del regalo: Se apoyaba en una columna y tenía bajo el brazo los textos del derecho.

Non deixa de ser curiosa a coincidencia da postura en que o poeta de Celanova e o novelista arosán nos ofrecen ó abogado: apoiado nunha coluna. Mais no lenzo de Curros é a coluna metafórica da Lei, e no retrato do coadro deseñado por Valle-Inclán—retrato un pouco pirandelliano—, é a coluna de cartón i escaiola do escaario dos retratistas.

Pra Valle-Inclán, o abogado é eiquí un comediante da xurisprudencia: un faranduleiro no teatro da vida.

E aínda é curioso pensar que as tres figuras do postulador do Dereito, xurden do fondo dunha mesma época, tinguida das cores heroica, dramática e histriónica coas que aquelas están respectivamente pintadas: o complexo e avolto século dazanove.

Non deixa de sorprendernos que a atención dos nosos esquirtores deica o probrema da xustiza coma sustanza vital do pobo, acéntuase e densifícase nos outos poetas da segunda metade do século dazanove, e non a xeito de reación contra do romantismo, dos que foron chamados segundadores, senón como unha sorte de revisión do suxetivismo puro dos nosos primeiros románticos, un pouco evadidos das realidades da terra e da lingoa.

O fenómeno é natural i explicábel. Inda que non poden emparellarse as inspiracións e os temas do noso romantismo cos do castelán, tiñan amos a dous de común a eísaltación lírica dos sentimentos. O romantismo na Galiza nacéu prendendo nos esquirtores un anxeio de liberdade e de culto particular á Terra que fixo distes dous sentimentos temas singulares da súa obra; tomou a paisaxe nativa como ouxeto dun amor

idealizado, i a historia como unha sorte de paixase humán, mais fitando todo elo dende a outura e a unha lus vaga e pantasmal de nouturnio.

En troques, os bardos finiseculares—Curros, Lamas e a mesma Rosalía—fixeron compatibre o seu *trance* lírico, a súa dór e o seu acedume co acedume e a dór alleos, achegándose á paisaxe i ó home, á *terra* i ó *labrego*, pra fitalos a unha lus cabal e diurna, e sufrir con eles e ata pensar por eles.

Non me toca a min, nin podería eu agora profundar nista atraínte beta da nosa historia literaria ó respeito das difrencias nunha tendenza que tivo, sen dúbida, unha arela común. Fique, simplemente, sinalada, polo que intresa ó meu estudo.

Intresa, porque sirve pra espricar que sendo como foron ises poetas nosos servos da idealidade e do ensoño, se botasen ós camiños da realidade e se metesen nos eidos da vida, pra coidarse acotío da xustiza.

Ansí, Curros, exercendo seu oficio de apóstolo e definiñdor perante os problemas sociaes, defróntase co da inxustiza—un dos móstruos sobor dos que ergue a súa obra poética—, e fostrega á *besta do laudemio* na *Introducción* ó libro *Aires da miña terra*; revólvese contra a xustiza dura e sanguíñenta nas composicións *A igrexa fría*, *Mirando ó chao* e *Crebad as liras*; maltrae ós escribanos na poesía *As duas pragas*, e denosta ós malos xueces.

Rosalía, en ton escéitico, invoca á xustiza, laiándose de que o mundo estea valeiro da súa vivenza sustancial, niste pasaxe da súa obra *En las orillas del Sar*:

¡Justicia de los hombres!, yo te busco
pero sólo te encuentro
en la «palabra», que tu nombre aplaude
mientras te niega tenazmente el «hecho».

E sae algunha vegada da súa infinda mágoa, aceda a súa enxebre dozura, pra deitar frementes alusiós á xustiza, como

a do poema *A xusticia pola man*, na que fai decir á muller perseguida:

—Salvádeme, ¡ou, xueces!, berrey... ¡Tolería!
De min se mofaron, vendeuma xusticia...,

ou apóstrofes de dramatismo sobrecolledor, como na escea que pinta na poesía *¿Por qué?*:

¡Escoita! Os algoasiles
andan correndo a aldea
mais ¿cómo pagar, cómo s'un non pode
inda pagál-a renda?

Embargaránnos todo, que non teñen
esas xentes concencia nin ten alma.
¡Quedaremos por portas,
meus fillos das entrañas!

Mais perto do pobo rural no senso de que asimilou o seu espírito, do que chegou a ser fidel intérprete, e falou coa súa propia voz, Lamas Carvajal profunda con tino e acerto admirábel no corazón do labrego pra tirar dil os seus sentimentos sóbor da xustiza, ata o punto de que os pasaxes da súa obra adicados ó tema, poden ser considerados como materiaes de orixe popular.

Dí, nefeuto, na súa poesía *A Aldea*, encol do vencello que xungue ó labrego á xustiza:

De labios afora renegan da curia,
mais pros seus istintos tén tal atraución,
que, como as serpentes fascinan ós páxaros,
atrainos e failles perder a razón.

E pra amostar a xenreira que erguen os preitos no ánimo dos campesiños, refire na súa composición *De corpo presente* a retranca con que un veciño de porta do doente Xoaquín de Marcelle manifesta os seus desexos de velo. Namentras os demáis veciños sorriáanse da «pouca perda» do vello.

O veciño de porta con porta,
Sidoro d' Alberte,
a quen quixo poñer en xusticia
cun preito dúas veces,
foi peor, porque dixo con sorna
falando entre dentes:
—Si me cadra, heino ver cando estea
de corpo presente.

Antre os seus coetáneos, é Pondal o poeta que menos alusiós fai á xustiza. Suxeta a súa temática á inspiración das antergas vivencias raciaes i as abstraicións do cosmos circundante, é natural que non reparase no escaerio das ardidadas loitas dos intreses humáns, que tiña, emporiso, perto de sí. Deiquí que responda ó seu sino poético cando dí ós galegos, ergueito no seu familiar mundo mitolóxico, na úneca alusión á xustiza que nél atopamos, tinguída da cór e dos alentos do vindiño:

E a rigurosa Themis
A favor voso o ferro balancea.

Pola vos xurdía de Ramón Cabanillas, o meirande poeta do século corrente e un dos primeiros de todos os nosos tempos, falou o pobo labrego a lingoaxe da súa múltiple dór cotidián.

Herdeiro úneco da grandeza imaxinativa de Pondal e da dozura lírica de Rosalía, rescibíu tamén de Curros os dons da barileza i o alento na defensa da terra e dos homes da Galiza, identificándose coeles pra esculcar os motivos da súa sofrenza, que logo trocáu en temas vivos e sobrecollentes dos seus poemas. Antre eles fitóu, como non podía menos de ser, a mágoa que a xustiza—no que tén de imperfeuta e temporal—leva ós fogares campesiños.

As estampas que o seu verso fluente e musical deseñou encol dise tema, teñen, á lus da indiclinábel tenrura da súa pena, unha barileza vivente.

Ataca a conduta do oligarca rural na poesía *O galo negro*.
E tras de identificalo coa figura do galo forte, áxil, runfador
e polainudo, di:

Toda a Galicia
é unha ringleira de galiñeiros.
Cada viliña, cada parroquia,
ten o seu galo | seu galo negro!
Alma aforcada
de traicioneiro,
nin cre nos santos,
nin cre no demo;
pedáneo, abade,
xuez, porteiro,
nadia se mova sin a súa venia,
sin o seu outo consentimento.

Concencia as costas,
si no hai diñeiro
vende a xusticia
por un cadelo.

Fai os repartos como lle peta,
torce camiños, troca lindeiros,
e ten as vidas e ten as honras
encadeadas o seu deseyo.

Pinta a escea do embargo cunha outura que ergue ás
cimas dun sereo simbolismo o suceso miudo, e que constitúe
unha notábel réprica, na que se marcan as diferenzas de reau-
ciós étnicas, á poesía *El embargo* de Gabriel y Galán; pois á
detida morosidade con que este último describe a postura
oufaniosa e atricante do labrego extremeño, que desafia e
ameaza ó xuez, corresponde na poesía do bardo cambadés o
silenzo sobor da aitude do paisano no intre do espolio, e o
intrés en pintalo, rematada a dilixencia, senlleiro e doído,
abafado da sede de xustiza, que lle acresce a contempranza da
súa fouce familiar. Ouvidе unhos anacos de *A fouce esquecida*:

Foi hoxe a disgracia.

A cousa das catro
chegaron dous homes
co alcalde pedáneo.
Papeles arriba,
papeles abaixo,
esquirbe que esquirbe,
fixéronlle o embargo.

Quedouse por portas,
sin chouza nin agros.
Xa non ten remedio.
Xa está de prestado.

III

É noite e a lúa
seus rayos desfía.

¿qué é aquilo que en medio
da eira rebrila?

¿Qué é aquilo que loce
com - unha estreliña
e fai que o labrego
tembrando se espila?

¡Das xentes do embargo
librada a rapiña,
no chan, unha fouce
quedóu esquecida!

¡Ou fouce bendita,
xa séi o que queres!
¡Que faga xusticia!

IV

E o brillo da lúa que no alto do ceo
seus rayos desfía,
finxe ás veces tembrores de bágoas
e outras veces sangrentas surrisas,
na folla accirada
da fouce esquecida!

E contemprade agora iste grandeiro coadro, mais que tristeiro, dramático, no que Cabanillas nos persenta a un velliño, vello, que arruinado por un preito volveuse tolo, acenando e rindo coma un boneco diante do incendio do pazo, no que ve, sen dúbida, o símbolo do seus maes. Coadro que agarda por un pintor que o anime e reproduza no lenzo. Chámase o poema *Lume no pazo*, e traio eiquí este pasaxe dil:

A xente rube ó adro
pra ver onde é a disgracia
e ó mirar cara ó pazo
detense amontoada.

Érguense as mans ó ceo
e sanguinenta, tráxica,
refréxase nos ollos
a roxa labarada.

E un velliño, moy vello,
de quedelliñas brancas,
que vive de milagre,
xantando cando xanta,
vestido de farrapos
e durmindo onde cadra,
—todo por mor dun preito
de rendas atrasadas,
no que os donos do pazo
deixárono sin nada,—
ollando cara ó lume,
rise, barulla e fala
de ir buscalo gaiteiro
para que toque a gaita!

Estas i outras composicións do grorioso autor de *Vento Mareiro*, libro ó que pertencen as citadas, demostran que tamén il, como seus devanceiros literáreos, abriu o seu espírito, cheo de galega humanidade, ós maes da xustiza.

Non podía fallar o sorriso no noso asunto: esa néboa piedosa con que o inxenio da nosa raza acostuma envolver o sufrimento; ise aceno con que rescibe a adversidade ou a mágoa, que é moitas veces. Sorriso que, contra do que creen moitos de fora e de drento, non é unha cualidade nosa «típica» nin de indrefenza, senón acotío un xeito de fina reaución vital.

A sátira e o humorismo éñchense dende o teatro, a novela, o conto, a poesía i o dibuxo, do anecdotario da xustiza, zugando na fonte da realidade popular, da que as mais das veces non fan senón hestoría.

Lances dos xueces, da curia, dos preitos e dos preiteantes, airéanse nas prumas de nosos costumistas, dos que non podemos eiquí senón citar algús.

Encetemos o recordo traguendo de novo a capíduo o nome de Valentín Lamas Carvajal, que no seu sonado *Catecismo da doutrina labrega* pon nos beizos do campesiño, en guisa de respostas, crúas e dicaces verbas, dende as que din da curia que «com'o zorro co'as galiñas, ándanos ganando as voltas pra poñernos á sombra», ata as que firen ó escribáo, ós testigos falsos, ós picapreitos estrapexantes e ós abogados, de sorte que ningún parente da xustiza se libra da punxente retahíla do libriño do poeta ourensán.

E recordemos logo a Heraclio Pérez Placer, o esquirtor cecáis mais ricaz en sentencias e xiros familiares, en «A bó zorro mellor can» e «A pior cuña...», do seu libro *Veira do lar*; Manuel Vidal Rodríguez, no conto, aguda amostra da técnica do regalo, «Deixa que xa...», do libro do mesmo tíduo; Xavíer Prado, nas poesías «No xugado de paz» (*Cóxegas e moxetes*) e «Comendo a cabra» (*A carón do lar*) e, por fin, Fernando Pérez Barreiro no seu recente *Anecdotario forense del humorismo galaico*.

Dixen por fin; mais iste aspecto do tema non pode rematar sin avencellar a il o nome memorábel do mestre xenial da arte e da língoa galegas: o nome sempre vivo de Castelao.

E quero avencellar o seu nome a este aspecto do tema, non porque a súa obra se haxa reducido á laboura humorística, nin porque seu *humor* poda ser ríguosamente emparellado co *humorismo* ó uso. Quero facelo porque a súa pena de esquiretor e dibuxante, sempre mollada na fidelidade á terra alumeóu enxebres e podentes creacións nas que, como difrentes brilos de unha mesma flama, locen e refrexan o finísimo inxenio, as leiciós da vida, e a tenrura, e porque nesa variada flama de singular humorismo—na que éste ten un trascendente senso didáutico—escintilean, con maor ou menor viveza e acedume, as cousas da xustiza.

Coido que non haxa libro seu que estea valeiro delas. Lembrade aquela estampa do albume «Nós», na que o paisano que leva ás costas un cadaleito no que dí «Lex», escrama «¡Cómo fedel!»; firente metáfora dibuxística que vai enfiada á imperfeición das regras do dereito.

Lembrade os seus viventes tipos, arrincados da mesma realidade e descubertos coa lus sagace dos seus ollos, lus que gastóu fitando a vida galega e cacheando seus íntimos segredos:

Don Romualdo, o home «fino», «tan mixiriqueiro, tan fricoleiro», que «non lle acaía un oficio de traballo, e despóis de chorarse moito logróu meter cabeza no xuzgado municipal, onde vivéu emborrachando papel, deic'o día do pasamento»; «...letriña miuda con rabiños enribirichados; tan *fino* no xuzgado coma na taberna». *Don Romualdo*, que se emborrachaba moitas veces «pero endexamáis esgallóu as pernas». (*Cousas*, 2.^o lib., 2.^a ed.; Santiago, 1934; páx. 79).

O ladrociro, «un home que roubaba con toda legalidade, aproveitándose d'unhas leises que o gardaban da xusticia do noso mundo», e que, xa no mundo da verdade, está condenado a recibir enriba da súa alma os cartos que robóu, can a can, cadela a cadela. Á súa caveira fai de peto das ánimas n'unha eirexa da montana, «e cada peza de diñeiro que lle botan é un fungueirazo que recibe no lombo». O ladrón xa

vai ben castigado; pero aínda debe recibir coarenta e sete mil réas en pezas de cobre». (Ibid., páx. 81).

O home que traballa de médico e sabe moito de abogado. Vello e groso galeno apicarado, con ollos miudos de furelo axexante. Enxemprar abundoso no mundo da aldeia.

O home que sabe moitas leises pra facer moitas trampas. Vello enrugado e caviloso, escoltado de libros, unha mau armada de pruma, apoiada nos papeis e a outra, garimeira, no queixo, maxinando... a bon seguro que outísimas falcatrúas.

O home que non sabe por qué a balanza é un símbolo da xusticia. Tendeiro ventrudo que fita a balanza, pendurada na mau, coa incredulidade de quen está pouco afeito a vela no fiel, porque fixo profesión do engano.

(Coarenta homes por dez réas, ed. Emecé; Bos Aires).

Os tipos ollados e retratados polo grorioso e lembrado pensador rianxeiro, son campo doado pra longos inquéritos sicolóxicos, e, por riba de todo, modelos lizgaios da fauna xudicial da nosa terra, cuia diseición permitiría tirar proveitosas concrusiós pra combater os maes da xustiza e conseguir con elo o ben da patria galega, tan arelosamente abourado polo mestre.

Ise mesmo proveito lograríase profundando nos numerosos textos adicados por nosos prosistas e poetas ós temas da xustiza. Abonda pra comprendelo reparar nos que deixamos citados. Da súa conxunta consideración dedúcese que todos eles, preocupados dos maes que a súa imperfeuta adeministranza pode tragner, mais que das virtudes que, sen dúbida, ten, coidáronse de sinalalos ofrecéndonos coadros mais ou menos antergos ou ridentes de seus efeutos no pobo.

Eis, ó meu ver, a utilidade, ademáis da atrainte beleza, disas páxinas, no senso de que non somentes constituíen pezas de valor antolóxico, mais tamén datos de forza inestimábel pra toda laboura de tendenza lexislativa reformadora.

III

A XUSTIZA NA LITERATURA POPULAR

Saídos dos eidos da literatura erudita, entremos nas searas da literatura popular, cultivadas por xentes de maus atanadas e familiares, e adubadas có inxenio i a esperencia dos séculos, pra albiscar os froitos que nelas xurden, recollelos como a eito, e zugar, disa sorte, o zume do sentimento do pobo rural encol da xustiza.

Convén recordar, chegados eiquí, aquilo que manifesta o mestre Murguía: «No son por cierto los monumentos escritos los únicos testimonios de la inteligencia y del sentimiento poético de los pueblos. Hay otros que si bien no tan notables, no por eso carecen de importancia, pues nos muestran su índole y tendencias y son claro espejo en que se reflejan las manifestaciones todas del espíritu popular. Los cantares, las leyendas, los cuentos, los apólogos y refranes... nos presentan el completo cuadro de una civilización que no ha tenido más medios de manifestación que los eminentes populares» (1).

E compre, aínda, traquer a capíduo a outa opinión do noso insine peisano Don Ramón Menéndez Pidal, que en recente traballo (2), volvéndose contra o parecer da crítica moderna que nega a eisistencia dunha poesía popular dina de ise nome, sostén que debe ser chamada «tradicional» porque se elabora no decorrer da súa transmisión de unhas xeracións á outras, e afirma:

El mito de la «poesía popular», revelación divina como la religión y el lenguaje, se racionaliza en la «poesía tradicional», elaborada en el

(1) Manuel Murguía, *Historia de Galicia*; Lugo, imp. de Soto Freire, 1865; t. I, páxina 251.

(2) *La literatura española como clave de tradicionalidad*, confrenza dita no aito inaugural da Exposición do libro español contemporáneo, celebrada en París no derradeiro ano de 1952.

curso de las variantes con que el perdurable amor de un pueblo pule, afiligranada y engasta la joya poética que adquiere de su orfebre; y en esta poesía de mil cantores podemos escuchar «la voz viviente de los pueblos» que decía Herder, *la voz de las generaciones pasadas y presentes en que un pueblo expresa su personalidad afectiva*.

Velahí o que sirve pra meu propósito: afirmar e aproveitar ó mesmo tempo, a comprobada verdade de que o pobo espresa os seus afeutos, os seus sentimentos na súa literatura oral, e que pra albiscar aqueles que en calquera orde nos intresen—eiquí a xustiza—, temos de acudir a esa fonte de inquérito.

Abonda que nos fixemos agora nas *cantigas e refrás*, instrumentos amos a dous de expresión popular, as pírmeiras de tón lírico, e os segundos xeralmente *sentenciosos*. Naquelas é onde, por esa mesma diferenza de senso e contido, poderemos atopar máis doadamente o sino afeutivo do noso pobo sobor da xustiza. Teno dito o propio Murguía:

En todas estas producciones populares se nota, con harta claridad, la influencia que tiene sobre nuestro espíritu la vida exterior. En los cantares, sobre todo, es donde se demuestra de una más completa manera esta verdad (1).

Moitísimas son as cantigas e refrás rexistrados ata o día, e o seu número acrece hoxe pola laboura incansábel que na súa recollida de fontes oraes direutas veñen desenrolando nosos inqueridores. Así, a carón das coleccións clásicas de Hernán Núñez—citado por Murguía—, Saco e Arce, Pérez Ballesteros, Milá Fontanals, Valladares, Leiras Pulpeiro, Carré Aldao, Cotarelo Valledor, Ricardo Caruncho, e outros máis, teñen de poñerse hoxe as coleccións—algunhas delas inéditas—de Cabanillas, Xosé Millán, Santalices, Fernández Oxea, Filgueira Valverde, Manuel Fabeiro e Fermín Bouza

(1) Ibid., páx. 252.

Brey, sendo a de este último a úneca—de que eu seipa—refrente ó tema do que me estóu ocupando: tidúase «Refrane-ro jurídico de Galicia», foi pubricada na «Revista de Dialectología y Tradiciones populares» (tomo II), e obtivo unha notábel réprica do Prof. Dos Santos Júnior no estudo tidoado «Paremiología jurídica galaico-portuguesa» ⁽¹⁾

Na maor parte disas fontes teño bebido pra apagar a miña sede de inquérito, e podo despóis delo decir que inda que non son moitas as que se refiren á xustiza, abondan pra formar un corpo de opinión sobor de aspeitos a ela particularmente refrentes. E digo particularmente porque a miúdo se atopan, tanto nas cantigas como nos refrás, notábeis amostras do pensamento popular encol das regras ou das istitucións do dereito—enxemplo: *bens divididos, bens perdidos*, refrente ó efeuto nocente da división dos bés na Galiza—, é decir, alusiós crítecas ás iñormas positivas que permitirían formar unha intresante antoloxía popular adicada a ise aspeito, do que agora non nos propoñemos tratar.

Cinguíndinos á xustiza, coma función e coma órgao, teño dito noutro estudo ⁽²⁾ no que trato mais detidamente da xustiza no cerne popular, que o noso pobo síntea *como unha necesidade*, imposta polas relacións de veciñanza, que, a súa vez, eisixen o minifundio, o *epos* xeográfico e a cercanía da vida de relación, e imposta tamén polo fondo amor do labrego a súa terra, pola intimazón familiar coa súa herdade que é, ó cabo, amor á terra galega.

Voltemos eiquí ó dito de Ihering: «o dereito é algo tan necesario pra facer o pan, como pode selo a mesma fariña». Pois ben; na nosa terra o dito ten unha especial forza de verdade: o dereito é tan necesario en Galiza que sin o sorteo

(1) Pubricada polo «Instituto de Antropología da Universidade do Porto»; Porto, Imprensa portuguesa, 1949.

(2) «Notas encol do sentimento da xustiza na literatura popular galega, en *Colección Grial*, núm. 4; ed. *Galaxia*, Vigo.

da tenza de monte, sin o paso polo eido alleo, sin a auga pra regar a terra, e, craro está, sin a terra mesma, non pode o petrucio recoller o millo... nin, naturalmente, faguer o pan. E pra obter todas esas cousas vitaes, percisa do dereito e de unha boa xustiza que o aprique.

Elo esprica por si só que o peisano galego faga moito uso da xustiza; mais non por gosto, senón como desgraza necesaria. Antre as cantigas e refrás que así o refrexan cite-mos os seguintes:

Tiveches, Xan, catro pleitos,
o escribán comeuche as leiras.
E por quedares con sona
quedoucha a bolsa valdeira.

Tivo tres pleitos Xan Costa,
quedóu tolo por perdelos;
cando morra, enterrarano,
pro os do xuzgado ¡nin velo!

(Cancioneiro de Muros, recoll. por Manuel Fabeiro)

A quen mal queiras, en preito o vexas.

(Ref. de Carré Aldao)

Anota Murguía a frase popular *Entroulle a xustiza pol-a casa!*, «cuando el pueblo quiere decir que un hombre ha quedado en la última indigencia a causa de los procedimientos judiciales».

E Santos Júnior ⁽¹⁾ recolle un refrán cuio imprego sitúa en Mogadouro, que ten ise mesmo senso de adversidade:

Em justiça te veja, que já sei do mal que morres.

Repara o investigador portugués, con toda razón, que «a grande maioría dos rifões que recolhi tem o seu similar galego».

(1) Ob. cit. páx. 13.

Ó sentimento de necesidade engádese no espírito do paisano a *aititude reverencial* perante a xustiza, de que tamén teño falado no devandito traballo, poñendo amostras de cantigas que a refrexan e demostran.

Anotemos tamén o senso de *relatividade* ou da aplicación acomodaticia das leises. Bule nistes refrás:

Alá van leises donde queren reises

Feita a lei, feita a trampa.

(Carré Aldao, *ibid.*)

Dista falta de creto que pró campesiño ten a lei en punto a súa fixeza ou uniformidade de aplicación, ouvin falar certa vez a Otero Pedrayo nunha conversa tan brillante e facundiosa coma totalas súas, dicindo: «—Coido que os peisanos pensan—os vellos, os mozos de gabardina xa non—que hai lei pra todo; a custión é buscala nos libros vellos e nas «sentenzas de El Rei Sabio», que non é sempre o das Partidas».

A ouservanza é aguda e certa. Todo o que haxa asistido ós lagreiros nas súas conxoxas xudiciaes, saberá que cando inquiren a súa custión non preguntan cal é o dereito no seu caso, senón *si teñen lei*, o que trasloce a súa crénza de que pode atoparse si se teima na súa búsqueda.

Réstame agora presentarvos os sentimentos do pobo deica os órgaos da xustiza e deica os xusticiabeis. Mais como o meu relato vai xa polo longo, penso debo limitarme a ofrecervos unha visión antolóxica, dises aspectos do tema, acomodándome así ó fin que me guía neste intre.

Dos xueces

Ouvide a fermosa comparanza, de inxenuo tan relixioso, que fai ista cantiga recollida por Saco y Arce, aludindo ó

cetro que ten na mau a efixie do Salvador, na eirexa parro-
quial de Lama:

O Señor San Salvador
Ten a vara da xusticia;
Non entra mellor xuez
Neste reino de Galicia.

E pra invertiren a devandita comparanza, eis ista cantiga
de *maldizer*, que o coleitor dí recollida en Betanzos:

Señor xuez da Airón
e mailo seu escribano,
tantos demoros o leven
como días tén o ano.

Canc. pop. gal., José P. Ballesteros; III, 195).

Veleiqué outra recollida polo poeta Manuel Fabeiro en
terras de Muros:

Leveille un raxo ó xuez
para ganar o xuicio:
¡mais me valera, comadre,
deixar o cochiño vivo!

Do sentimento de medo ó xuez:

Coa autoridade e a inquisición, chitón.

(Carré Aldao, *ibid.*).

A riqueza paremiolóxica de Portugal referente ó xuez é
singular. Próbano os refrás que rexistra Dos Santos Júnior ⁽¹⁾,
nos que o pobo aseita ás diversas coalidades personaes dos
xueces:

(1) *Ibid.*,

Deus nos livre de justiças novas e de chaminés velhas (37).

Juiz de aldeia (juiz de paz) quem o deseja que o seja (56).

Juiz de aldeia um ano manda outro na cadeia (57).

Juiz piedoso faz o povo cruel (58).

Por falta de homens fizeram a meu pai juiz (109).

Niste mesmo investigador lusitano atopamos un refrán que compre relacionar co que trai a colección do Comendador Hernán Núñez na edición de Salamanca do ano 1525 e que non figura na de Lérida de 1621 de que se serviu Murguía ⁽¹⁾; é o mais sonado refrán de *maldizer* contra dos xueces da Galiza:

A jueces galicianos con los pies en las manos.

Pois ben, ise refrán aldraxento perde o seu acedo localismo, a súa particularidade enfiada ós xueces da nosa terra, no seguinte da colección de Santos Júnior, que dá o mesmo dicaz consello ó respeito do xuez amigo do alleo:

A juiz ladrao com os pés na mao (9).

Logo si, como di Júnior, «o Norte de Portugal e a Galiza somos povos irmaos», suxetos a unhas mesmas condicións de vida e de organización social, é indudábel que ise crúo refrán téñ unha variante que lle resta pezoña e propiedade.

Dos escribanos

Meste silveira de punxentes ditos, cuia abundanza amos- tra que ise ausiliar da xustiza andivo a cótío nos cantos do pobo con sinalada preferenza, as cantigas a elos adicadas xurden a cachón e teñen numerosas variantes que atestan ~~se~~ cundiron por toda a Galiza. Eis algunhas das mais dicaces:

(1) Ibid., páxs. 571 a 577.

O escribano morréu;
hoxe non abre pra naide
San Pedro as portas do ceu.

O escribano está na caixa.
E din qu'inda chosca o ollo
ós que baixan da montaña.

Eu non sei por qué o xuez
ha de castigar ós pillos,
si están vivindo con el
o escribano i o ministro.

O escribano morréu hoxe,
i os compañeiros traballan
en cortarlle uña a uña
porque non cabe na caixa.

Ollóu o pobo, sen dúbida, no escribano ó ministro da
curía mais a súa beira, ó que vai garabateando e engrosando
os papeis dos preitos malfadados, e por iso cecáis xeneralizóu
niles os seus denostos e afióu contra diles o seu inxenio
picante.

Os algoasiles

Pode servir de enxemplo do respecto que impoñen i a afou-
teza que se lles atribuíe, aquela cantiga que di:

Non teño cara de can
nin has de quedar de listo
porque eu hei de chamarche
cara de espanta ministros.

Os abogados

Adícanse a iles, como parece axeitado, as voces baixiñas
e conselleiras dos refrás:

Bon abogado, veciño mao.
Abogado novo, xusticia polas silveiras.
Discurre mais un famento que cen abogados.

Rexistra Júnior iste outro que se dí en Braganza, aconsellador da prudencia no falar co abogado:

Nem com toda a dúbida ao letrado, nem com toda a dor á botica,
nem com toda a fame a arca, nem com toda a sede á pipa (87).

Os testigos

Do uso e abuso que os labregos fan dos testigos pra asegurar a probanza dos feitos, é amostra iste refrán:

Entre dous amigos, escribán e dous testigos

A mendacidade dos testigos rexístrase nista cantiga chea de localismo:

Furelos para ladróns,
Moldes pra testigos falsos,
San Cosme val para meigas
e Melide para vagos.

(*Terra de Melide*, 1, páx. 499).

Da solenidade do testemoio xudicial fala ista outra:

Para decirche a verdá,
como digo d'esta vez,
tanto cho decraro eiquí
coma diante do xuez.

Os preitos

Xa dixeran do senso de desgraza que téñen pra noso pobo a xustiza; i ese senso concrétase na súa proieución inmediata:

os procedimientos xudiciaes ós que as xentes se ven suxetas:
os preitos.

É pra elas un preito non somentes unha andanza desditosa, mais tamén unha ardente labarada no fogar: un incendio. Isa sinificanza ven a ter niste cantar no que runfa paradóxica ledicia:

Pranteille preito a un veciño
polo aquel dun regueiro;
perder perdín o que tiña,
pero amolar amoleino.

Isa concencia dos efectos ruinosos dos preitos, fai que a súa promoción sexa usada como ameaza, que xeralmente cifran os labregos nunha crás de procedimientto que é o que lles infunde mais pavura: o *interdiuto*. E, non é raro vela concretada nista frase: ¡Qué che poño un interdiuto!

Os preitos son pra os labregos cousa dura de roer, e acétanos de xeito fadal e ineisorábel. A ir ó preito, a preítear, chámanlle por elo, nun xiro de gráfico acento popular, «comer a cabra», que eu emparelló co modismo «roer o óso».

Non quere elo decir que os preitos deixen de ter pra os peisanos seu lado bó ou risoño. Eis ista cantiga que demonstra, falando dunha aitude de orguleza desafiadora:

Traes a gorra de lado
a uso de pleiteante;
si pensas que eres bó mozo,
outro che pón o pé diante.

(Cancioneiro das Riberas do Tea,
por F. e L. Bouza Brey; cánt. 101)

A súa esperencia dos preitos, propia ou adquirida do veciño, fai que os labregos defiñan con dítos sentenciosos as nociós que teñen do asunto, como sucede nistes refrás:

O preito do probe na proba morre.

Alude, sen dúbida, ó mais doado que é pró preiteante rico mover os gastos da proba, de cuia resultanza depende casi sempre a do preito.

Non hai preito que non se arregle nin corno que non se endereite.

O mais notabel dista preocupación polos preitos son os consellos e prevencións que encerran cantigas e refrás encol da maneira de conducirse pra gañar os preitos. Veleiquí algús:

Tres cousas che fallan, Vila,
si o preito queres gañar:
ter razón, saber pedila
e mais que cha queiran dar.

O bo preiteante, quedo da boca e liño do pé.

Variantes portuguesas:

Boca calada, bolsa aberta e burra selada (*Amarante*).

No tribunal há que ter bolsa aberta e pé lixeiro (*Arcos de Valderez*).

Senténzase agudamente en Braganza, pra combater a presa nas respostas:

Bom audiente, bom respondante.

Dispóis distas amostras non quedará dúbida de que o campesiño galego-portugués estuda e coñece con morosidade a loxística dos preitos.

Chegamos ó final diste percorrido antolóxico pola selva da literatura popular convencidos de que arraigan nela betas e preocupacións sobor da xustiza outamente suxerentes.

Fala o pobo da xustiza cos seus meios de expresión literaria. Non sae sempre, craro está, a verdade da súa boca, pois

xunto do aisioma *vox populi vox dei* vive outro: *vox populi vox diaboli*.

Mais o certo é que ó facelo amostra, embrullados nunha aitude esceítica, os seus vicios e os seus efectos nocentos.

Os ditos líricos ou sentenciosos que os siñalan non teñen hoxe, cecáis, a mesma vixencia que na súa orixe; pois os sentimentos do pobo soen ficar atrás, detidos perante os avances do tempo. Pode que hoxe, constituída a xustiza, no seu exercicio funcional, por xentes asistidas de condicións doadas pra súa misión, e perfeicioado o sentido social das leises, non teñan xa aitualidade certas chatas que cantigas e refrás lle poñen.

De calqueira maneira, o senso de utilidade que, aparte da súa beleza de espresión, ten o noso mostrario de literatura popular sobor do tema, é que a xustiza pode mirarse nil coma nun espello, pra arranxar o seu toucado no perciso e percurar cunha aición reautiva guarir ás xentes labregas das súas erradas preocupaciós.

Porque o certo é que a ánima do peisano, sempre credente nos valores do espírito, agarda o momento consolador en que poda arredar dos beizos o ton firente da cantiga i o sentenzoso marmurio do refrán, pra vivir descansado na súa fe na xustiza.


I elo acontecerá pró ben da xustiza, da nosa terra e da patria común.

DIXEN

CONTESTACION

DE

D. MANUEL BANET FONTENLA



Señores Académicos:

A Xunta da nosa «Real Academia» ten tido a dinación de confiarse á homildade da miña pruma o encárrago de, no seu nome, contestalo brillante discurso que ven de lérmos o señor Académico recipiendario. E, pra min, unha inxente honore, e, aínda me ben decatando do desaparellado do caso, pola miña cativés, non ousei desbotalo, prome de o eu estimar estreita obriga, a mais de axeitada mostra de sinxela amizade, datada xa de vello. Endebén non lle cumprir con verbas gasalleiras o gabalo, a quen, coma o señor Martínez-Risco, é dabondo coñecido na Capital non só, senón tamén en toda a Galiza, polos cárregos que exercéu, pola súa honorábel seriedade, pola donosidade do seu tratar, pola visión crara e talentosa do seu espírito, polo seu cobizoso anceio de se adentrare, en cotidián e traballoso labor, no mais fondo dos estudos da súa predilección, convén a saberes: os da ciencia do Dereito e os que atinguiren á Cultura da nosa terra.

Foi nado o Ilustrísimo Señor don Sebastián Martínez-Risco e Macías na Cidade de Ourense; de esgrevia estirpe galega, en cuio solar xurdino a cotío persoalidás adoadas en moitas e varitadas sabidencias, tal coma seu tío o eminente polígrafo, D. Marcelo Macías, fillo adoptivo da Galiza, membro que foi desta Real Academia, de inmorrente recordazón. E, a rematalos estudos da Facultade de Dereito, ingresóu por

oposición na carreira xudicial, polo ano de mil novecentos vintecatro, onde exercéu ao pé duns vinte anos, deixando grato recordo da súa atinada e xusticieira actuación, e atopándose ao presente na situación de escedenza, coa categoría de Maxistrado. E, aínda, alternando xa cos estudos universitarios, adicouse ao cultivo das letras singularmente no xénero poético, colaborando por daquela nas Revistas *La Esfera* e *Los Ciegos*, de Madride, polos anos dazanove a o vintetrés, sendo acolleitos seus traballos poéticos, entón, nalgún boletín de Hispano-América, coma o diario *Excelsior*, de Maracaibo, na República venozolá; e distinguiuse aínda coma conferenzante en asinaladas tribúas dalgunhas localidás.

E eis ahí o home, o galego destacado xa, escribindo a reo e dando a o prelo traballos matinados enantes en galego escuadros na fervenza do latexar vidal do noso pobo, e deitando neles a impronta dunha pura galeguidade: troque de feito racial, decote repetido dende o alborexar do rexurdimento da nosa fala e da nosa literatura vernácula. E permitídeme, se a ben o tiverdes, neste vagar a folganza dun vello recordo: Foi aló polo mil oitocentos oitenta e sete—se nésto da data se me, a memoria, non tornar infidel—daquela, cando os sentires e as bágoas da muller-santa que se chamou Rosalía, e as rexas e valentes estrofas de Curros, e os bárdicos, initábeles, apóstrofes de Pondal, espertaban a alma da Galiza, furandoa e inzandoa a cotío, lle restituíndo súa nativa enxebreza, lle tornando o uso da súa inmorrente fala e o seu estro poético e literario, esmorecidos na deslembanza deica os precusores, por daquela foi cando a ruliña-santa, a inefabel cantora do noso sentimento racial, calóu de feito, porqué daquela Deus Noso Señor foi servido de a chamare pra onde a Si; e, logo, cando as beneradas cinzas fono levadas dende o Campo Santo da Adina, en Iria Flavia, deica o Panteón da eirexa de Santo Domingo, de Santiago, a Galiza enteira se embarcóu alí, no intre que mestres e estudantes erguían o cadaleito enriba dos seus frós, e bicaban con respei-

toso agarimo aquelas murchas froles que dentro daquel atoparan, e gardabanas na súa carteira pra as levaren sempre o mais preto posíbel dos seus corazóns... A alma da Galiza desentalándose entón, coma si estiver xa desencadeada, expandiuse no alporizamento do sentir racial... Ouh, Manes de Alfredo Brañas, Barcia Caballero, Salvador Cabeza, Mestres Ide Carmelo Castiñeiras Antelo, Cacheiro Cardama, Wenceslao Requeijo, estudantes!, e, coma iles, outros, e outros mais, aínda, que facían grexe innúmera de universitarios que matinaban pensando decote en galego, esculcando nos probremas da terra onde foran nados, coa ardente cobiza de lle seren utis...: e non deviñeron estudantes debles e rebuldeiros do xeito que, non moito mais adiante os quixo concebir o madrileñísimo Perez Lugín... A casa da Troya eisistía xa daquela; mais eles, coma seren, non foron endexamáis troians... E, pola contra, da súa banda foi, pra sempre, o buligar e o xurdir, a prol do labor inxente que se veu facendo, e que se fai, por dileitos galegos, encol do perfeizoamento e do uso, cada ves mais enanchado, da nosa fala nativa, e da Poesía, lírica espresión dos sentires sinxelos do noso pobo. E un deses galegos, de releu alporizado, dos que matinan en galego, é o recipiendario Señor Don Sebastián Martínez-Risco e Macías, figura sobresainte no foro e de requintada outura no campo das letras, onde leva o nome só de Bastián Risco.

Do seu labor no foro, nin ren lle acaer á finalidade deste acto; mais do seu rexo traballar no campo literario, coma crítico, coma novelista, coma poeta, nas cen faces nas que o adoa, terían moitísimo de louvarmolo quen certes poderan xulgalo, non coma min que, dende o arrededor do campo, nin siquera soupen atinar cós limiares da porta. Cómpreme, emporiso, recordar encol do seu inxente labor literario que, a maiores dos traballos que xa incidentalmentes citéi, ten publicado ensaios de grande estima na Revista *Grial*, e obtivo o Primeiro Premio da Sección de poesía en galego nos Xogos Froraes orgaizados polo Círculo Mercantil e Industrial, de

Santiago, no ano de mil novecentos corenta e cinco, pola súa composición poética nomeada *O Boneco*, e tiña denantes publicada unha linda novela tidoada *La Tanza Negra*, Ejemplo y agonía del Juez Oria, editada por Ediciones Aymá, de Barcelona, en mil novecentos corenta e tres, tráxico vivir dun xuez que soupo coutalo corazón pra lle non turbura quizáis seu rendido culto á Xustiza, sacrificando seu amor diante do deber, e, no mesmo ano tamén, co a ocasión do Xubiléu Compostelán, un tríptico fermoso, tidoado *Trébol Poético-Recuerdo de Compostela*, que contén tres poemets, adicado un deles ao Pórtico da Gloria, da Catedral. E agora prepara un libro de Poemas galegos, que tióará *A Esquina amada*, e mais unha novela dambente galego, e olla sen canseira escolmando nas fontes da nosa fala e nos Cancioeiros, en búsqueda dalgún ren onde escintilar o espírito racial, coma acontece no magnífico discurso que lle vimos descoitar, no que, de camiño, vindica a baril dureza da xente traballadora do noso pobo, das calóns malfadadas dalgús que nin a comprenden, nin atinan a se decataren de coma, sin ela, nin a nosa doce e estimadísima fala sería aínda o maravilloso herdo que temos a estreita obriga de trasmitirmolo ás videiras xeneracións galegas coma a nos nola entregaron as antergas, nin se tiveran tampouco conservado as costumes e as tradicións, atributos todos nos que a alma galega enfervoece namentras eistir.

Escomasí niste discurso maravilloso e magnífico, escrito e profuso, deitáu o señor Martínez-Risco a máxica impronta da meirande requintada cultura encol do tema que se propuxo desenrrolar o SENTIMENTO DA XUSTIZA NA LITERATURA GALEGA, escoándoo, coma quen dí, xa nas copras e nos cantares de xuglares e troveiros, que do alento do pobo o zugaran, e persistíu decote no devir dos tempos, deica a literatura e a poesía culta dos actuás mestres, aviscando sempre a unidade e a persistenza do sentir do noso pobo no que á Xustiza se referir. E, é tan inxente e fondura do estudo e tal a profusión dos datos acubillada que ben poidera tér matinado o autor, se,


en troques de a ese discurso, lle non acaería millor a o tema o
axeitalo nas dimensións largacías d'un gran libro.


En cabo Bastián Risco, que xa foi desta Corporación
Académico correspondente dende o vinte de Xaneiro de mil
novecentos corenta e catro, entra agora nela polos seus
méritos e validosa persoalidade, por dereito propio, na Real
Academia, como se na súa casa entrar.


A «Real Academia» gábase moito, e alédase a o telo
dende hoxe coma Académico numerario, e honorandoo a el,
honorase tamén a sí mesma.


No seu nome, Señor Académico, recibide unha cálida
bemvida e unha garimosa embora.

DIXEN











REAL ACADEMIA
GALEGA

A CORUÑA

F.15271

Biblioteca